



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa é emisión en español dos informativos na segunda canle da Televisión de Galiza (G2).

A G2, que está a funcionar como segunda canle da Televisión de Galiza, emite o programa denominado “Informativo Noche” integramente en español. Este espazo informativo, que inclúe as noticias de Galiza e do mundo máis destacadas do día (a xuízo, claro está, da súa dirección), diríxese preferentemente ao público galego, excluindo o idioma propio do noso país, razón de ser e de existir da propia Televisión de Galiza.

A Lei 9/1984, do 11 de Xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza, establece con contundencia no seu artigo 16º (principios de programación) o mandato para “a promoción e difusión da Cultura e Lingua galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega”. É evidente que a práctica lingüística que a TVG está a implantar no “Informativo Noche”, así como noutros espazos emitidos para Europa e América, vulnera absolutamente a forma e o fondo do sinalado precepto legal.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2009 12:11
Nº Rexistro: 06075
Data envío: 24/08/2009 12:11:59.860

1.^a) Por que razón decidiu a Dirección da CRTVG a emisión, integramente en español, do espazo “Informativo Noche”?

2.^a) Considera que esta decisión encaixa no mandato legal que vincula á TVG coa “promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega”?

3.^a) Ten previsto corrixir esta decisión?

4.^a) Que criterios de política lingüística ten previsto levar adiante a actual dirección da CRTVG?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/08/2009 11:58:33

Ana Belén Pontón Mondelo na data 24/08/2009 11:58:36